Procedemento	Código	Convocatoria	Liña	Anualidade
Programa Igape Innova	IG408L	2025		

01. Solicitude de libramento da axuda

, co DNI/NIE núm. , que representa legalmente á entidade , co NIF , en calidade de . Esta entidade é beneficiaria dunha subvención concedida ao abeiro da Resolución do 30 de xullo de 2025 e co código de expediente **IG408L-2025-000-000** .

A persoa representante declara que:

Achego, para a verificación da execución do plan durante esta anualidade, a seguinte documentación:

Documentación xustificativa económica

☐ **Documento 02:** resumo de execución para a anualidade do plan, no que constan os gastos agrupados por conceptos (formulario segundo a liña correspondente).

☐ **Documentación xustificativa do gasto:** documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionalas co gasto xustificado. Entregaranse na orde que se estableceu no documento 02.

☐ **Documentación xustificativa do pagamento:** conforme o pago ten sido realizado efectivamente dentro do prazo de execución (de acordo co artigo 20.5.b da convocatoria), por algún dos seguintes medios:

- Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, ou xustificante electrónico de transferencia bancaria no que conste o código de verificación na sede electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento e o importe da factura. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.
- Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucións posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados coma subvencionables no expediente.

☐ No caso de non achegalas coa solicitude da axuda, **tres ofertas** de provedores que deba ter solicitado a entidade beneficiaria, de acordo co establecido no artigo 6.6 das bases reguladoras.

☐ Cando as colaboracións externas ou adquisición de activos inmateriais superen os 30 000 €, ou ben o importe total do investimento supere os 45 000 €, un **informe dunha persoa profesional en enxeñaría** colexiada, cualificada no ámbito no que se desenvolva o plan e con ausencia de conflito de interese, que se pronuncie sobre a adecuación ao mercado dos prezos aboados pola persoa beneficiaria e o efectivo desenvolvemento do proxecto de acordo coa memoria técnica xustificativa e dentro do período de execución.

- ☐ Declaración asinada polo/a representante legal en que se detalla o cadro de amortización de cada equipamento calculado sobre a base de boas prácticas contables; un informe técnico sobre o período de amortización; os estados contables da entidade e os correspondentes documentos xustificativos do gasto e pagamento da compra.
- ☐ **Documento 06**: Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ou proxecto ou para as mesmas partidas de gasto procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional. Se for o caso, deberá achegarse unha copia da resolución de concesión desoutras axudas.
- ☐ Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Axencia Tributaria de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social, conforme os beneficiarios están ao día nas súas obrigas tributarias, **no caso de se opoñeren á súa consulta** polo órgano xestor.
- ☐ Certificación de titularidade da conta bancaria onde farase efectivo o pagamento do importe da subvención.

Custos de persoal

- ☐ **Documento 03**: Cerficacións dos custos de persoal debidamente asinada e follas de horas mensuais para cada unha das persoas traballadoras implicadas no plan.
- ☐ **Documento 05**: Declaración asinada pola persoa responsable de recursos humáns coas retencións mensuais do IRPF para cada persoa do equipo humano que participa no plan.ç
- ☐ Documentos 111 de retencións e ingresos de IRPF e os seus xustificantes bancarios de pagamento
- ☐ Informe de vida laboral referido á data de finalización do prazo de execución e que comprenda toda a anualidade. Neste documento deberá resaltarse (suliñado, cor) os/as traballadores/as imputados/as ao proxecto. No caso de persoal autónomo, certificado de vida laboral referida á data de finalización do prazo de xustificación.
- ☐ Copia das nóminas do persoal imputado ao proxecto e copia dos xustificantes bancarios do seu pagamento (consonte ao artigo 20.10.d).
- ☐ No caso de persoal de nova contratación, deberá achegarse copia do contrato de traballo en que se poida verificar a contratación para o desenvolvemento de actividades do plan, conforme os requisitos desta convocatoria, xunto coa certificación da súa titulación académica.
- ☐ Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento (artigo 20.10.e).

Documentación xustificativa técnica

- ☐ **Documento 04**: memoria das actividades desenvolvidas cos contidos expresados na convocatoria.

E solicito o libramento da axuda concedida.

(sinatura e data)